

Día Internacional da Muller Rural

«Hoxe damos máis a cara. Antes era ao revés e non pasaba»

As Asociacións de Mulleres poñen en valor o papel imprescindible que xogan elas no rural

Anxo Bentrón

No día de hoxe, como ven sendo habitual dende 2008, conmemorase o Día Internacional das Mulleres Rurais, unha xornada destacada na que poñer en valor o importante papel que desempeña o colectivo feminino no rural.

Se hai un lugar en Galicia no que o rol da muller rural ten unha gran ligazón é Rois, un dos pioneiros no movemento de empoderamento feminino no campo. Neste sentido, no ano 1985 fundábase a Asociación de Mulleres Rurais de Urdilde, a primeira de Galicia e que abriu camiño en España. A ela seguíronlle en 1990 a Asociación de Mulleres Rurais de Ermelo e, en 1994, a Asociación de Amas de Casa de Rois. Na actualidade, entre as tres xuntan máis de 450 mulleres.

«Hoxe compartimos traballos cos homes, e xa levamos o peso das explotacións, na coordina-

ción, na facturación, no trato cos provedores e tomando decisións. Case sempre fomos titulares das granxas, pero hoxe damos máis a cara. Antes era ao revés», indican María Boullón Victoria Quiroga, directivas das asociacións de Ermelo e das Amas de Casa de Rois, respectivamente.

Se nun primeiro momento o papel destas asociacións era o de fomentar que a muller saíra da casa ou se formara, agora teñen un «papel dinamizador e socializador, para seguir manténdonos en contacto», comentan Teresa Budiño e Isabel Suárez, que se acaban de incorporar ás directivas das Amas de Casa de Rois e de Urdilde. «Organizamos máis actividades conxuntas que os homes, cando antes era ao revés. Participamos nas actividades que organiza o Concello, e xogamos un papel fundamental na comunicación, no intercambio e difusión da información coa ve-



Mulleres dos colectivos de Rois, un municipio pioneiro en Galicia á hora de visibilizar o papel feminino no rural

ciñanza», engaden Carmen García, María José Lamas e Teresa Martínez.

Unhas mulleres loitadoras

Máis recente, aínda que con un propósito común como é poñer en valor o papel da muller rural, a Asociación de Mulleres Loitadoras de Oroso comezou a súa andaina no ano 2018, como un

Rois é pioneiro no movemento de empoderamento da muller rural ao contar con tres asociacións nas que se xuntan máis de 450 socias

instrumento co que as veciñas da localidade puideran axudarse, formarse e entreterse, pero sobre todo ser un claro exemplo de sororidade e de compromiso.

A Asociación de Mulleres Loitadoras é un claro exemplo da búsqueda e da procura dun marcado obxectivo: lograr cambiar unha tendencia que perdurou durante séculos e poñer á muller rural no lugar no que lle corresponde.

15/OCT
DÍA INTERNACIONAL
DA MULLER
RURAL

OROSO
www.orosogal

Día da
MULLER RURAL

CONCELLO DE
ROIS

ROIS
ACTIVA EN IGUALDADE



*Tódalas nosas mulleres son Galicia:
voz que nos chama e nos arrola,
luz que nos aluma,
amor que nos acende;
tenrura que aceiamos
e nos cómpre.*

Manuel María

Día Internacional da Muller Rural

«Eu á muller do rural doulle toda a importancia do mundo; meréceo»

A Asociación de Mulleres Rurais de Val do Dubra celebra este día «tan importante»

Anxo Bentrón

O 15 de outubro non é un día calquera, é un día no que lembrar, no que celebrar e no que agradecer ás mulleres do rural, un colectivo en numerosas ocasións esquecido por gran parte da sociedade, a pesar de representar a un cuarto da poboación mundial. Por iso hoxe, no Día Internacional da Muller no Rural, cobra especial relevancia a achega feminina neste ámbito, porque se trata, como non pode ser menos, dunha xornada na que se enxalzan os labores desta parte da poboación. Unha das agrupacións que loita por este obxectivo necesario é a Asociación de Mulleres Rurais de Val do Dubra, e tal e como indica a súa presidente, Josefina Fraga, a

celebración deste día cada 15 de outubro «ten unha importancia grandísima» para lembrar «algo moitas veces esquecido», como é o papel que xoga a muller no rural.

Un recoñecemento necesario

«É moi necesario que a muller teña este recoñecemento, e sobre todo que non se deixe de loitar por el», engade, especialmente no caso das mulleres do rural que «se dedican a todo, teñen que facer de todo porque non lles queda outra». E é que aínda que xa houbo numerosos avances nos últimos anos respecto á igualdade, aínda hai cousas que mellorar. «Eu penso que aínda queda bastante por facer», asegura, malia recoñecer que «si



Participantes na assemblea anual de mulleres rurais de Val do Dubra o pasado mes de abril

que é certo que xa se avanzou bastante e iso é un gran paso». Para a presidenta da Asociación de Mulleres Rurais de Val do Dubra o relevante é mirar ademais ao futuro, porque a pesar dos avances, o principal é que se sigan sucedendo no tempo: «As cousas estanse traballando bastante ben, pero hai que seguir así, non se pode parar ata acadar esa igualdade máxima pola que se loita», afirma. «Unha muller está capacitada para facer o mesmo ca un home, xa sexa conducir un camiión ou un

«Aínda queda moito por facer, pero sí que é certo que xa se avanzou bastante»

«É moi necesario que a muller teña este recoñecemento e que non se deixe de loitar»

tractor, poden facer o mesmo», lembra Josefina Fraga ao respecto das capacidades da muller. «Eu á muller do rural doulle toda a importancia do mundo porque non pode ser doutra forma, é o que merece por todo o esforzo e por todo o que fai», conclúe. Con todo, no día de hoxe gran parte da axenda das institucións, organizacións, asociacións ou mesmo concellos xira ao redor dun gran eixe central: a importancia e o recoñecemento do labor e do gran papel que desenvolve a muller no rural.

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER RURAL

Concello de
Camariñas
A CORUÑA

Día Internacional da Muller Rural

15 de outubro

Concello de
Val do Dubra
Val do Dubra, naturalmente

EN AGRADECIMENTO ÁS DUBRESAS POLA VOSA ACHEGA E ESFORZO

Día Internacional da Muller Rural

As asociacións de mulleres, un piar fundamental

Estas organizacións brindan uns espazos nos que o colectivo feminino pode encontrar apoio mutuo e defender os seus intereses

Anxo Bentrón

Lembrar e recoñecer o papel da muller rural é fundamental, non só nun día especial como o Día Internacional da Muller Rural, senón durante todos os días do ano. E é que a muller rural non sempre viu recoñecida a súa labor e contribución no campo e nas producións agrícolas.

Na maioría dos casos, a pesar da súa importancia, o seu traballo estaba, e incluso sigue estando, invisibilizado e debe enfrontarse a grandes desafíos como a falta de recursos ou a dificultade de acceso á propiedade da terra.

Porque é que como dicía o poeta Manuel María, ás mulleres gale-

gas do rural non se lles dá o valor que se merecen: «As mulleres galegas —labregas,/ mariñeiras, artesás, obreiras,/ pasado, pobo, presente,/ alma e futuro de Galicia— / non foron cantadas / polos poetas cultos e premiados».

Ao final, as mulleres galegas do rural son un piar esencial en actividades como a agricultura, a ganadería ou a pesca e o marisqueo, pero tamén lideran iniciativas em-

O traballo das mulleres rurais estivo durante moitos anos invisibilizado pola sociedade

presariais de transformación agroalimentaria, turismo rural ou artesanía. Son, polo tanto, esenciais na economía rural, a produción de alimentos e a sostiabilidade ambiental e social do campo. De feito, na actualidade, máis da metade das explotacións agrarias galegas están xestionadas por mulleres, demostrando o seu papel vital na dinamización das economías locais e na preservación de costumes e tradicións propias de Galicia.

O gran labor das asociacións

Por iso, en días como o de hoxe cobra especial relevancia o labor fundamental que desempeñan



LUCÍA CASAL

Máis da metade das explotacións agrarias galegas están xestionadas por mulleres

agrupacións como a Asociación de Mulleres Rurais de Dodro ou a Asociación de Mulleres Rurais de Camariñas, que actúan como un motor do cambio nas zonas rurais. Unhas organizacións que sirven para brindar uns espazos nos que

as mulleres poden encontrar apoio mutuo, así como un lugar no que compartir as súas experiencias, defender os seus intereses, desenvolver proxectos e programas para mellorar as súas condicións, así como facilitar a igualdade de xénero.

15 DE OUTUBRO

**DÍA DA
MULLER RURAL**



Concello de
Cartelle
www.concellocartelle.es

Dodro
coa muller rural

DÍA INTERNACIONAL
DA MULLER RURAL



CONCELLO DE
DODRO



DÍA DA MULLER RURAL
Cultivando igualdade

Día Internacional da Muller Rural

AGUETE/LOC

O papel clave da muller rural na sociedade actual

Dende o ano 2008, cada 15 de outubro celébrase o Día Internacional das Mulleres Rurais para salientar a súa importancia

Anxo Bentrón

O 18 de decembro de 2007, a Asamblea Xeral das Nacións Unidas, na súa resolución 62/136, estableceu o 15 de outubro como o Día Internacional das Mulleres Rurais. Unha medida coa que se buscaba recoñecer «a función e contribución decisivas da muller rural, na promoción do desenvolvemento agrícola e rural, a mellora da seguridade alimentaria e a erradicación da pobreza rural».

E é que as mulleres desempeñan un papel fundamental nas economías rurais dos países máis avanzados e naqueles en vías de desenvolvemento. Por iso, hoxe, como cada 15 de outubro nos últimos dezaseis anos, o papel da muller rural amósase ao mundo.

Baixo o lema deste ano, *Mulleres rurais como sostedoras da natureza para o noso futuro colectivo: construír resiliencia climática, conservar a biodiversidade e coidar a terra para lograr a igualdade de xénero e o empo-*

deramento de mulleres e nenas, ponse o foco no papel crucial que teñen as mulleres na loita contra o cambio climático e a conservación da biodiversidade.

As mulleres rurais conforman un 43% da man de obra agrícola a nivel mundial

As mulleres rurais representan a unha cuarta parte da poboación mundial, polo que lograr a igualdade de xénero e o empoderamento deste colectivo é esencial na loita contra a fame ou a pobreza extrema. Ademais, estas mulleres producen a metade dos alimentos do mundo.

Segundo cifras da ONU, as mulleres rurais conforman un 43% da man de obra agrícola, e no seu traballo dirario están contribuíndo a asegurar a alimentación das súas comunidades, así como a de propor-

cionar alimentos a nacións enteras.

No caso galego, as mulleres que viven e traballan no rural destacan pola súa conexión coa terra e a súa implicación en prácticas sostibles que buscan protexer os recursos naturais e manter a biodiversidade. Son elas as que impulsan moitas das iniciativas locais orientadas á agricultura ecolóxica, á gandería sostible e á preservación dos bosques e ecosistemas. Este labor, ademais de ser vital para o coidado do medio ambiente, contribúe de maneira decisiva á resiliencia das comunidades rurais fronte aos efectos do cambio climático.

Neste Día Mundial da Muller Rural reivíndicase o esforzo diario destas mulleres e saliéntase a importancia de seguir traballando por políticas que melloren as súas condicións de vida e recoñezan o seu papel como grandes axentes de desenvolvemento. É tamén un día que serve como unha oportunidade para reflexionar sobre o potencial transformador das mulleres do rural.



Unha muller galega sega a herba a man

DÍA INTERNACIONAL
DA MULLER
RURAL



Concello de Dumbria
www.dumbria.com



INTERNACIONAL
DA MULLER
RURAL



Concello de
Malpica de
Bergantiños